

Crónica-resumo da segunda xornada do Seminario Rexional da WARPO (Asociación Mundial para a Investigación da Opinión Pública) para o Grupo de Investigación Novos Medios, por Doris Fernandes.

Os pasados días 17 e 18 de marzo celebrouse en Segovia a conferencia da Asociación Mundial para a Investigación da Opinión Pública (WARPO, nas súas siglas en inglés). A última xornada estivo adicada ás redes deliberativas e a influencia dos medios na opinión pública.

Esa última sesión dividiuse en dous paneis de comunicacións, como xa ocorrera o día anterior. Un deles dedicouse ao tema da deliberación política, con presentacións que reflexionaron en torno á percepción da parcialidade nas persoas de pensamento oposto, das formas de xestionar os extremos de opinións, e das redes de actitude que crea a propia deliberación. O outro panel centrouse na influencia dos medios sobre a percepción e a opinión, cun pequeno apunte acerca do seu efecto sobre o *agenda setting* na esfera da cultura.

Deste último panel, resultou proveitoso o estudo presentado pola profesora Fabiola Mota, da Universidade Pompeu Fabra. Nel, ela e mais o seu colega o profesor Mariano Torcal fixeron unha análise da evolución das preferencias de modelos de Estado entre os españois. A conclusión máis salientable á que chegaron foi que, nos últimos trinta anos, produciuse unha maior aceptación do modelo autonómico e descendeu a vontade de centralismo entre os cidadáns, mentres que a aposta polo federalismo tense mantido estable nun nivel baixo ao longo de todo o período.

Tamén o profesor Krzysztof Zagorski, da universidade polaca de Kozminski, aportou unha interesante revelación sobre o comportamento da percepción sobre a situación económica en Polonia. Zagorski explicou que, malia ser Polonia o único país europeo que non experimentou crise económica nos últimos tres anos, a prensa conseguiu modificar a sensación xeral de estabilidade lanzando mensaxes alarmistas, froito da situación comprometida de países veciños coma Hungría. Deste xeito, Zagorski amosou como dende o 2008 a opinión dos polacos con respecto á economía nacional era negativa, mentres que calificaban de positivas as súas condicións de vida e o seu nivel de benestar individual. Krzysztof Zagorski explicou que isto debíase a que a prensa soamente recollía as noticias negativas centradas na macroeconomía do país, e a penas publicou novas relacionadas coa saúde económica internacional neste período.

Sen embargo, algúns dos asistentes apuntaron na rolda de preguntas que a metodoloxía de Zagorski non era de todo obxectiva, porque empregou o seu criterio persoal para seleccionar aquelas noticias que consideraba representativas para determinar o ton xeral da prensa con respecto a esta cuestión. Aínda así, as conclusións deste estudo foron corroboradas informalmente por algún dos membros do público de orixe polaca.

A segunda sesión de paneis do día ocupou o resto da mañá, con tres áreas temáticas que abordaron o contexto e contido do xornalismo, a participación política internacional e aos efectos de seleccionar medios afíns ás opinións propias.

Neste último, un breve resumo das conclusións podería ser que existe unha tendencia do público a seleccionar os medios afíns ás súas ideas, como consecuencia da polarización crecente das liñas editoriais. Tamén se está a rexistrar un empobrecemento da riqueza nos coñecementos sobre actualidade política, debida á falta de exposición a medios de opinións contrarias ás propias. En definitiva, semella que a polarización estase a trasladar ás audiencias pola falta de diversidade e de cultura política.

Un dos conferenciantes, o profesor da Universidade de Wisconsin Madison, Albert Gunther, recordou nesta liña que é preciso observar tamén o coñecido como “producción selectiva” dos medios, que teñen renunciado nos últimos anos a gañarse ao público que non comparte a súa liña editorial, combinada coa “exposición selectiva” dos políticos e as súas preferencias á hora de conceder entrevistas. Gunter tamén fixo fincapé na necesidade de definir o concepto de “parcialidade” nos medios, posto que tras escoitar as diferentes presentacións inferíase que o fenómeno evoluciona de xeito diferente en cada país, e isto afecta ao estudo das relacións causa-efecto a nivel global.

Tras a pausa para comer nos corredores do claustro do convento, os conferenciantes regresaron ás súas respectivas salas para continuar co último módulo de presentacións. Nesta ocasión, puideron elixir entre os temas “Novas formas de observar a comunicación política”, “Desafíos no estudo da opinión pública en contextos difíciles” e “Pop *politics*”. Este último, dirixido polo profesor da Universidade de Texas en Austin, Robert Luskin, foi o seo dun intenso debate entre os diferentes participantes ao redor da espectacularización da información.

A presentación dun estudo realizado do profesor Guido Legnante, da Università di Pavia, e o profesor da universidade de Milán Gianpietro Mazzoleni, centrou a conversa posterior, por presentar o modelo de revolución da televisión en Italia a través do programa *Vieni via con me* dirixido polo escritor Roberto Saviano e o presentador Fabio Fazio.

Tamén foron de interese para os participantes os temas que relacionaban o humor nos medios como medio para achegar a política á audiencia, e a influencia recíproca da axenda política e a dos programas de entretemento.

O último evento do día foi a realización de dous obradoiros, un desenvolvido en torno á “Suposta influenza” [dos medios en política] e o adicado a “Coñecemento, ignorancia e desinformación: cuestións de definición, medida e explicación”. As sesións estiveron máis ben encamiñadas a facer unha reflexión colectiva sobre as presentacións e conclusión dos últimos dous días.

O resto do programa pode consultarse na web do congreso: <http://transnationalconnections.ie.edu/>.

Para calquera dúbida ou aclaración, poden escribir a: dorisfernandesdelpozo@gmail.com